


XORNADA

PARA QUE SERVEN OS DATOS LINGÜÍSTICOS?

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 29 de novembro de 2018



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A Sección de Lingua, Literatura e Comunicación do Consello da Cultura Galega e a Rede de Investigación Galega TecAnDaLi (Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos: <http://ilg.usc.es/tecandali/>) organizan unha xornada conxunta para analizar para que serven os datos lingüísticos.

Pero, que é TecAnDaLi? Trátase do acrónimo de Tecnoloxía e Análise de Datos Lingüísticos, unha rede conformada por sete grupos de investigación do Sistema Universitario Galego: tres grupos de humanidades (o grupo coordinador, Filoloxía e Lingüística Galega [FILGA], integrado no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela; Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega [TALG], Universidade de Vigo; Gramática, Discurso e Sociedade [GRADES], Universidade de Vigo); dous grupos de enxeñaría informática (Grupo de Sistemas Intelixentes [GSI], CITIUS, Universidade de Santiago de Compostela; Grá. cos por Computador e Enxeñaría de Datos [COGRADE, GI-2116], CITIUS, Universidade de Santiago de Compostela); un grupo de enxeñaría de telecomunicacións (Grupo de Tecnoloxías Multimedia [GTM], Universidade de Vigo) e outro grupo de estatística (Modelos de Optimización, Decisión, Estatística e Aplicacións [MODESTYA], Universidade de Santiago de Compostela).

TECANDALI é, pois, unha rede interdisciplinaria cuxa investigación está relacionada coas tecnoloxías da linguaxe e as humanidades dixitais. A lingua traballada pola rede é o galego, maioritariamente, pero tamén o castelán e a linguaxe de signos española. Especializada no tratamento informático e estatístico de datos lingüísticos, o seu labor implica unha modernización na investigación sobre as humanidades, en xeral, e a lingua galega, en particular, que quedan asociadas ás tecnoloxías e aplicacións estatísticas máis innovadoras.

Preténdese mostrar como é posible que grupos de humanidades, enxeñaría e estatística, provenientes de tradicións investigadoras moi diferentes, mesmo de marcos cientí. cos aparentemente separados, como as ciencias e as letras, poden colaborar de xeito produtivo para todas as partes. O nexos de unión entre lingüistas, . lólogos, enxeñeiros e estatísticos son precisamente os datos lingüísticos: datos fonéticos, datos onomásticos, datos dialectais, etc.

A xornada procura responder á pregunta de para que serven estes datos lingüísticos e para iso ten dous obxectivos especí. cos: presentar á sociedade algúns logros de investigación sobre datos lingüísticos e solicitar desta mesma sociedade, de investigadores doutros ramos, de xornalistas ou profesionais de diverso tipo, re. exións que conduzan a novos retos investigadores sobre datos lingüísticos: que máis podemos aprender se analizamos datos lingüísticos coas ferramentas máis innovadoras?, que novos logros ou bene. cios poderíamos buscar para ofrecerlle á sociedade que. nancia a investigación?

PROGRAMA

16:30 horas
Inauguración

Primeira parte:

16:45-18:30 horas
Presentación de catro dos microproxectos de TecAnDaLi, con énfase na aplicabilidade/utilidade:

16:45 horas
Relatorio 1
Incorporación do coñecemento lingüístico de Galnet á predición meteorolóxica en linguaxe natural xerada por Galiweather
Alberto . Bugarín Diz e Xavier Gómez Guinovart. GSI e TALG

17:10 horas
Relatorio 2
Unha ferramenta para o recoñecemento automático de topónimos en documentos medievais
Pablo Gamallo Otero. COGRADE e FILGA

17:35 horas
Relatorio 3
Presentación de sistemas de recoñecemento automático para galego e para lingua de signos española
Carmen García Mateo. FILGA, GRADES e GTM

18:00 horas
De palabras a números: a análise cuantitativa de datos lingüísticos
María José Ginzo e Xulio Sousa. FILGA e MODESTYA

Segunda parte:

18:30 horas
Mesa de debate
Como usar os datos lingüísticos?

Ale andro A. García Caballero.
Psiquiatra, profesor asociado de Psiquiatría (USC) e responsable Hospital de Día de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Carlos Gómez Rodríguez. Profesor titular da Área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña e integrante do Grupo de investigación Lingua e Sociedade da Información (LyS)

19:30 horas
Peche da xornada

ORGANI A

Sección de Lingua, Literatura e Comunicación (CCG)

COLABORA

TecAnDaLi

COORDINA

Carmen García Mateo

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICI N

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACI N

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

A Rede TecAnDaLi investigou con financiamento da Xunta de Galicia e dos fondos FEDER por medio das Axudas para a Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas do SUG (ED341D R2016/011)



COLABORA



TecAnDaLi

Tecnoloxías e Análise
dos Datos Lingüísticos